

CÍRCULO

Nos últimos tempos, Xavier Rodríguez Baixeras parecía centrado nunha das súas facetas máis relevantes: a de traductor. Así o testemuñan os tres volumes que veñen de ver a luz baixo o selo Espiral Maior e onde Baixeras se confirma como un exquisito versionador dos poetas de expresión catalá Josep María Llompart (*Antoloxía poética*) e María Villangómez (*Un voo de paxaros*) ademais da selección que recolle o volume *Vinte poetas das Balears*. Con todo, Baixeras non descoida a súa propia obra e contamos cun novo poemario, *Eclipse*, que vén avalado polo premio Losada Diéguez para arriquecer unha traxectoria xa de por si fundamental na poesía dos últimos tempos. *Eclipse* anticipanos xa desde o título un percorrido pola desolación, o fracaso e a elegía que se vai desenvolvendo nas cinco partes en que se organiza a obra. Cinco partes como cinco estacións para o drama pois aínda que no primeiro dos poemas anticipa que “*Por ti abandono o corpo, a vella sombra, ou o que levase detrás*” non cumpre logo con estas premisas e inicia un tránsito demorado pola escuridade da vida. Con todo, tamén podemos rastrexar a presenza doutros temas fulcrais neste volume como son a indagación dos efectos do tempo sobre as cousas, a memoria e os seus resortes, a presenza da natureza -se ben esta acaba como elemento simbólico fundamental á hora de reflectir ese estado de desesperación que o eu poético experimenta- e a busca dunha forma versal adecuada á mensaxe que se nos explicita, optando por mesturar a prosa poética cos máis variados metros. Mais, todas estas facetas aúnanse nese ton de elegía que marca o libro e obriga ó lector a mirar de fronte a parte escura, o eclipse cando “*Nada queda na terra da algarabía. Pasos regados polo/ alcatrán, flores inmunes.// Se cadra foi preciso apagar toda esa zona de palabras./ A el corresponde un novo eclipse*”.

Partindo da premisa de que “*O tempo non nos vinga, só repara e oculta*”, o eu poético empéñase na tarefa de resgatar do esquecemento certas vivencias, a memoria perdida e tamén as sensacións doutroa mesturando este labor co de pór de manifesto as inxustizas: o ciclón que arrasa con todo, as guerras, o fillo branco que se vai nas ondas do mar de onde non volverá nunca. Sen embargo, o proceso de recordar tamén conleva o reencontro con seres que forman parte da vida do eu: os amigos da adolescencia, a nai, a bisavoa Obdulia que deixou a súa impronta na casa... Este proceso retrospectivo permite tamén crear cadros impresionistas onde a intensidade do sentimento é tan grande que nos traslada a eles sen esforzo como se constata, sobre todo, nos poemas “*Variña de foguete*” ou “*Ao desbarate*”. Neles, o feito anecdótico de atopar unha variña sobre a herba e a capacidade de observación dun tileiro, respectivamente, constrúen un mundo de sensacións capaz de facernos

identificar co eu que mira con tanta intensidade a vida que o circunda. Por outro lado, a presenza da natureza no poemario ten unha dobre faz que outorga fundamentalmente ás augas a ambivalencia de ser, a un tempo, elementos de perpetuidade e alicerces da vida humana mentres nun mar de morte vai ó paio a nave que conduce o corpo do fillo cara ó alén. Por iso o eu poético habita no eclipse, sen que a esperanza do sol poida romper co círculo escuro do sufrimento en que se ve envolto.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 63, agosto 2002, p. 68